

I XORNADAS

A terra,
o balón
mais elas



I XORNADAS “A TERRA, O BALÓN MAIS ELAS”

Abegondo, 1 a 25 de xuño, 2021

Organiza:

Crendes Veteranos Club de Fútbol e Club Deportivo Mabegondo

Dirección:

Bibiana Santiso Naveira

Orlando José Iglesias Lendoiro

Colabora:

Concello de Abegondo

ÍNDICE

A terra, o balón mais elas	3
Memoria de actividades	4
Calendario	4
Taller de xornalismo no CEIP San Marcos (Abegondo)	5
A historia do fútbol feminino en Abegondo	6
Esther Sullastres e Sara Gallego no CEIP San Marcos	8
As tres orixes do fútbol feminino galego	9
Lesións, maternidade e machismo: tres circunstancias do fútbol feminino	10
Memoria económica	13
Valoracións	14
Conclusións	15

A TERRA, O BALÓN MÁIS ELAS

O fútbol ten historia, unha historia de homes e mulleres. A historia das mulleres no fútbol foi arrebatada por decreto, durante medio século, en todo o mundo. Cando o veto foi levantado, as prohibicións continuaron. As mulleres que quixeron ser futbolistas deberon satisfacer o seu desexo de xogar disfrazadas de solteiras e casadas en festas populares, de estudantes na procura de fondos para viaxes de fin de curso, ou en equipos organizados ás que a sociedade non lles concedeu máis importancia que a dunha anécdota, unha curiosidade ou, para os máis reaccionarios, unha cuestión fóra de lugar.

Desde hai anos, en distintos lugares das dúas beiras do Atlántico Norte, nas tantas veces irreverentes Australia e Nova Zelandia, tamén no centro do Vello Continente e nalgún dos seus países mediterráneos, a muller foi tomando un lugar no universo do fútbol pola forza da súa determinación, do seu desexo e da súa intelixencia. Con máis lentitude e atraso, ese camiño xa comezou tamén na Península Ibérica.

Como se tivera que recorrer unha estrada igual de complexa, o fútbol, recoñecido como un fenómeno de inmensa relevancia social, política e económica, sufriu durante moito tempo o azoute da cultura. Só ciencias como a medicina, a socioloxía, e a historia, cun abraiante desarraigo metodolóxico na maior parte dos casos, deron atención.

As Xornadas representan un paso máis neses dous combates, o da muller e o seu pleno dereito a participar do fútbol igual que os homes, e o do fútbol feminino a ocupar un espazo necesario e innegociable no sector cultural.

Por iso, o obxectivo de “A terra, o balón, mais elas” vai ser o de cambiar mentalidades, concienciar, educar ...

MEMORIA DE ACTIVIDADES

Calendario

Luns, 1 de xuño – 10,00 horas. CEIP San Marcos – Abegondo.

Taller de xornalismo para alumnos de Quinto e Sexto cursos de Primaria.

Participantes: Rocío Candal Barbeito (Radio Galega, Televisión de Galicia, riazor.org) e Sara Gallego Rodríguez (Radio Intercoruña).

Venres, 11 de xuño – 20,00 horas. Centro Cultural O Salón – San Tirso, Abegondo.

Charla: A historia do fútbol feminino en Abegondo.

Participantes: Orlando José Iglesias Lendoiro (presidente do Crendes de Veteranos Club de Fútbol e investigador do fútbol feminino en Crendes nos anos sesenta do século XX), Bibiana Santiso Naveira (xogadora e dirixente do Club Deportivo Mabegondo), Manuela Gómez Marzoa, Rosario Camba Moris e Herminia Mirás Mantiñán (xogadoras da Sociedade Católica Cultural y Recreativa de Crendes), Alfonso Hermida Mejuto, director do documental “Matriarcas, a historia das pioneiras de Crendes” (2017), Guadi Galego (autora da canción “Matriarcas”), María del Carmen Fernández Barros (secretaria do Club Deportivo Mabegondo) e Alba Gómez García e Rocío Vázquez Amado (xogadoras do Xuventude Crendes Fútbol Club).

Mércores, 16 de xuño – 12,00 horas. CEIP San Marcos – Abegondo.

Entrevista: Esther Sullastres.

Participantes: Esther Sullastres Ayuso (xogadora do Real Club Deportivo La Coruña), Sara Gallego Rodríguez (Radio Intercoruña) e os alumnos de Quinto e Sexto cursos de Primaria do CEIP San Marcos.

Venres, 18 de xuño – 20,00 horas. Centro Cultural O Salón – San Tirso, Abegondo.

Charla: As tres orixes do fútbol feminino galego.

Participante: Carlos Castro Pinhão (director da Revista do Fútbol Feminino Galego e do programa In The Corner, en Radiofusión). Durante a charla emitirase o documental “Irene, a porteira” (2005), dirixido e producido por Óscar Losada Castro.

Venres, 25 de xuño – 20,00 horas. Centro Cultural O Salón – San Tirso, Abegondo.

Charla-coloquio: Lesións, maternidade e machismo: tres circunstancias do fútbol feminino.

Participantes: Andrea Seijo Ares (ex fisioterapeuta do Real Club Deportivo La Coruña) con “A muller e as lesións no fútbol”, Sara Pita Arcones (xogadora do Betanzos Club de Fútbol) con “A maternidade no fútbol” e Bibiana Santiso Naveira (ex xogadora do C.D. Mabegondo), que presentará os resultados do “Plan Piloto Elas+Fútbol, en colaboración coa Universidade da Coruña). Como moderada estará Lorena Pose Varela (xornalista da TVG).

Evento 1

Data: Luns, 1 de xuño, 2021 (10,00 a 11,45)

Lugar: CEIP San Marcos. Agra de San Marcos, s/n. 15318 Abegondo (A Coruña)

Título: Taller de xornalismo no CEIP San Marcos (Abegondo)

Tipoloxía: Taller

Participantes: Rocío Candal Barbeito (xornalista da TVG e RG) e Sara Gallego Rodríguez (Radio Intercoruña)

Presenza: 40 alumnos de dúas clases de Sexto curso de Primaria e 44 alumnos de dúas clases de Quinto curso de Primaria.

Duración: 105 minutos.

Obxectivos:

1. Que alumnos dun colexio de educación primaria coñezan aspectos xerais da actividade xornalística.
2. Que alumnos dun colexio de educación primaria coñezan metodoloxía específica na preparación de entrevistas (localización da/o personaxe, fontes de documentación, técnicas de desenvolvemento dunha entrevista)
3. Que os alumnos de Quinto e Sexto de Primaria, do CEIP San Marcos, teñan ferramentas para a preparación dunha entrevista colectiva a Esther Sullastres, futbolista do R.C.D. La Coruña, nunha visita que a xogadora fará ao colexio o 16/06/2021.

Actividade:

Primeira parte:

Desenvolveuse en dous grupos.

Nun patio interior cuberto, Sara Gallego Rodríguez departiu con 44 alumnos de Quinto de Primaria. Durante 65 minutos deu unha charla enfocado aos obxectivos citados, orientando a mesma a aspectos xerais do traballo xornalístico e a outros particulares baseados na súa experiencia no eido radiofónico. A charla foi interactiva desde o comezo, establecéndose diferentes técnicas e experiencias comunicativas na que actuaron distintos alumnos, que desenvolveron un modelo básico de entrevista. A linguaxe da xornalista estivo adaptada á idade dos alumnos.

Como feche á primeira parte, Sara Gallego Rodríguez, Rocío Candal Barbeito e Bibiana Santiso Naveira, membro da organización das Xornadas, fixeron unha foto coral cos alumnos de Quinto curso.

Nun patio exterior descuberto, Rocío Candal Barbeito departiu con 40 alumnos de Sexto de primaria. Durante 65 minutos falou de metodoloxías e técnicas de traballo no tratamento das noticias dependendo do medio que se teña como soporte. A xornalista orientou ao modelo sobre as diferencias no desenvolvemento, segundo sexa para un sitio web, a radio ou a televisión, soportes nos que ela traballa habitualmente. Na parte final, con 10 minutos máis sobre os anteriores, incorporou a Sara Gallego Rodríguez para, entre as dúas, daren respostas ás diferentes preguntas feitas polo alumnado.

Como feche á primeira parte, Sara Gallego Rodríguez, Rocío Candal Barbeito e Bibiana Santiso Naveira, membro da organización das Xornadas, fixeron unha foto coral cos alumnos de Sexto curso.

Segunda parte:

Desenvolveuse en dous grupos cunha duración global de 30 minutos.

A actividade pasou a unha aula dedicada á radio, na que os alumnos da escola dispoñen da súa propia emisora "San Marquiños". Axudados por un profesor que realizou as labores de técnico de son, unha alumna e un alumno de Sexto Curso do CEIP gravaron unha entrevista a Rocío Candal Barbeito e a Sara Gallego Rodríguez. A mesma actividade foi realizada a continuación por unha alumna e un alumno de Quinto curso da propia escola.

Evento 2

Data: Venres, 11 de xuño, 2021 (20,00 a 22,00)

Lugar: Centro Cultural O Sal3n. Iglesia, 36. 15318 San Tirso, Abegondo (A Coru3a)

T3tulo: A historia do f3tbol feminino en Abegondo

Tipolox3a: Charla

Participantes: Orlando Iglesias Lendoiro (presidente do equipo de f3tbol de veteranos de Crendes e investigador do f3tbol feminino en Crendes nos anos sesenta do s3culo XX), Bibiana Santiso Naveira (xogadora e dirixente do Club Deportivo Mabegondo), Manuela G3mez Marzoa, Rosario Camba Moris e Herminia Mir3s Manti3an (xogadoras da Sociedad Cat3lica Cultural y Recreativa de Crendes), Alfonso Hermida Mejuto, director do documental "Matriarcas, a historia das pioneiras de Crendes" (2017), Guadi Galego (autora da canci3n "Matriarcas"), Mar3a del Carmen Fern3ndez Barros (secretaria do Club Deportivo Mabegondo) e Alba G3mez Garc3a e Roc3o V3zquez Amado (xogadoras do Xuventude Crendes F3tbol Club).

Presenza: 36 asistentes (aforo limitado polos protocolos derivados da covid-19).

Duraci3n: 120 minutos.

Obxectivos:

1. Dar a co3ecer as orixes do f3tbol feminino no concello de Abegondo.
2. Reco3ecer a importancia da muller e a s3a competencia organizativa e creativa, mesmo no rural.

Actividade:

Introduci3n:

Sa3do, mediante proxecci3n dun v3deo, de Guadi Galego, que interpreta con voz e piano unha adaptaci3n para o acto da s3a peza "Matriarcas".

Primeira parte:

Orlando Iglesias Lendoiro fai un relatorio do que significa o evento, apoi3ndose no texto da canci3n de Guadi Galego e presenta o documental "Matriarcas, as pioneiras de Crendes").

Proxecci3n do documental referido.

Tras o remate da proxecci3n, Orlando Iglesias Lendoiro chama a Manuela G3mez Marzoa, Rosario Camba Moris e Herminia Mir3s Manti3an, protagonistas do documental como antigas xogadoras da Sociedad Cat3lica Cultural y Recreativa de Crendes, que apoiadas nas preguntas do presentador, relatan, a trav3s das s3as experiencias, a importancia que tivo o f3tbol como elemento de ruptura nas s3as vidas. Algunha citou referentes futbol3sticos a imitar daquela 3poca, como o futbolista do R.C.D. La Coru3a e R. Madrid C.F., Amancio Amaro Varela.

Na 3ltima fase deste acto foi convidado a compartir a mesa do escenario Alfonso Hermida Mejuto, realizador do documental, que referiu as dificultades iniciais, as motivaci3ns e a execuci3n do traballo, para o que previamente, e antes da creaci3n da propia estrutura do audiovisual, fora enviado a Crendes un c3mara para gravar secuencias da homenaxe que recibiran as antigas xogadoras no d3a 02/07/2016. O xornalista salientou o impacto que tivo nel o co3ecemento daquel equipo e as motivaci3ns que o levaron a realizar o audiovisual.

Segunda parte:

Bibiana Santiso Naveira e Mar3a del Carmen Fern3ndez Barros falan da segunda grande etapa do f3tbol feminino en Abegondo. Explic3ronse as complicaci3ns existentes na constituici3n do C.D. Mabegondo, a falta de credibilidade competitiva que chegou a ter o equipo para federarse, segundo o criterio do seu propio t3cnico, e a rebeld3a contra esa opini3n xestionando elas mesmas, 3 marxe daquela opini3n, a tramitaci3n esixida para inscribir ao equipo na Federaci3n Galega de F3tbol. O equipo chegou a ga3ar varias competi3ns e ser3a con moito cami3o andado, cando tivo o reco3ecemento do Concello para ser convidado 3s galas deportivas municipais organizadas por este concello das Mari3as coru3esas. O C.D. Mabegondo foi esencial para que un dos clubs m3is importantes de Abegondo, o San Tirso Sociedad Deportiva, puidese crear equipos femininos. O relato de Bibiana Santiso Naveira mostrou a falta de compromiso do club, at3 o punto que no segundo e 3ltimo ano no que o cadro do Monte mantivo ao equipo feminino, as xogadoras tiveron que devolver os equipamentos e usar as que ti3an do torneo de f3tbol sala que organizan, denominado "M3telle un gol ao cancro", que nin ti3an a ver coas cores da sociedade 3 que representaban federativamente. Curiosamente, e grazas a ese torneo, o Concello de Abegondo comeza a ter visibilidade nesta modalidade futbol3stica feminina. En resumo, as mulleres de Abegondo que quer3an xogar a f3tbol, tiveron que padecer o illamento

institucional, tanto do Concello como do San Tirso Sociedad Deportiva, e só puideron crecer e desenvolver o seu proxecto cando elas mesmas foron quen de autoxestionalo. O relato de María del Carmen Fernández Barros foi menos historicista, centrándose na importancia persoal que lle ofreceu a función de secretaria do C.D. Mabegondo para atopar novos espazos na súa vida, no íntimo e no social. Mesmo así, o seu discurso exemplificou a mentalidade do fútbol de comezo do século XXI, cando no exercicio da función, ninguén daba crédito a que un club tivera a unha muller nunha secretaría, comentando anécdotas que ían desde quen a consideraba como “a muller do secretario”, o que nunha ocasión, e como reacción a este tipo de respostas, chegou a replicar coa frase: “En Abegondo, os homes quedan na casa e son as mulleres quen xogan ao fútbol”.

Terceira parte:

O presente do fútbol feminino en Abegondo está representado polo Xuventude de Crendes Club de Fútbol. Por iso, Alba Gómez García, xogadora e monitora dun equipo feminino de base do club, e Rocío Vázquez Amado, tomaron a palabra sorprendéndose polo que acababan de ver, en canto á cantidade de dificultades que pasaron as mulleres de antes para facer o que elas fan agora. Tanto unha como outra fixeron un repaso ao seu percorrido polo fútbol e o fútbol sala. As xogadoras recoñecen que o fútbol feminino continúa invisibilizado, malia que se dean os primeiros movementos para que isto non sexa así, algo que non é óbice para recoñecer que aínda falta moito camiño por andar para unha normalización. Alba Gómez García, falando da súa faceta como monitora, falou dun proceso de retroalimentación entre as futbolistas alevíns e elas partindo da ilusión.

Ao final de cada parte houbo unha quenda de preguntas e opinións do público asistente.

Evento 3

Data: Mércores, 16 de xuño, 2021 (12,00 a 13,30)

Lugar: CEIP San Marcos. Agra de San Marcos, s/n. 15318 Abegondo (A Coruña)

Título: Entrevista de alumnos a Esther Sullastres

Tipoloxía: Entrevista

Participantes: Esther Sullastres Ayuso (porteira do R.C.D. La Coruña) e Sara Gallego Rodríguez (Radio Intercoruña).

Presenza: 83 asistentes.

Duración: 90 minutos.

Obxectivos:

1. Testar a aprendizaxe e coñecementos xornalísticos adquiridos polos alumnos de Quinto e Sexto cursos de Primeira do CEIP San Marcos.
2. Facilitar unha relación directa e humana entre alumnos dun CEIP e unha contrastada futbolista de Primeira División española.
3. Visibilizar o fútbol feminino na escola.

Primeira parte:

Esther Sullastres Ayuso, porteira do R.C.D. La Coruña, visita o CEIP San Marcos para unha entrevista colectiva cos alumnos de Quinto e Sexto cursos de Primaria, que dúas semanas antes comezaran a recibir coñecementos xornalísticos sobre os requisitos previos e os protocolos que precisa unha entrevista. Nun patio cuberto exterior, a futbolista foi presentada pola xornalista Sara Gallego Rodríguez e, posteriormente, respondeu a trinta preguntas sobre aspectos tan diversos como a súa traxectoria, a súa consideración da muller no fútbol, a visibilización do fútbol feminino na sociedade, ou o rol que considera debe ter a muller na sociedade. A presenza do concepto de igualdade estivo sobre a palestra case permanentemente.

Como remate, tanto a protagonista como a súa presentadora, permitiron que todos os rapaces e rapazas do colexio que o desexaran les solicitaran autógrafos e dedicatorias.

A xogadora foi obsequiada cun deseño no que aparecía vestida cunha camisola da selección española.

Segunda parte:

A actividade pasou a unha aula dedicada á radio, na que os alumnos da escola dispoñen da súa propia emisora, "San Marquiños". Axudados por un profesor que realizou as labores de técnico de son, tres alumnas, unha que tamén actuaba como técnica axudante de son, unha alumna e un alumno do CEIP, gravaron unha entrevista a Esther Sullastres Ayuso.

Evento 4

Data: Venres, 18 de xuño, 2021 (20,00 a 21,30)

Lugar: Centro Cultural O Sal3n. Iglesia, 36. 15318 San Tirso, Abegondo (A Coru3a)

T3tulo: As tres orixes do f3tbol feminino galego

Tipolox3a: Charla

Participante: Carlos Castro Pinh3o (director da Revista do F3tbol Feminino Galego e do programa In The Corner, en Radiofusi3n). Durante a charla emitirase o documental "Irene, a porteira" (2005), dirixido e producido por 3scar Losada Castro.

Presenza: 7 asistentes (aforo limitado polos protocolos derivados da covid-19).

Duraci3n: 90 minutos.

Obxectivos:

1. Po3er en valor a historia do deporte na nosa sociedade.
2. Colaborar no establecemento de criterios para un relato metodol3xico da historia do f3tbol feminino en Galiza.
3. Significar nomes concretos de entidades e mulleres, a trav3s dos seus feitos, para o seu reco3ecemento p3blico.
4. Facer p3blicas as conquistas realizadas polas nosas mulleres futbolistas constatando o esforzo feito para poder xogar, e despois para vencer a mulleres doutros lugares, e o xeito no que, malia a importancia que tiveron, foron reducidas ou silenciadas pola nosa sociedade.

O cuarto cap3tulo das I Xornadas A terra, o bal3n mais elas far3 un repaso polos tres momentos hist3ricos nos que Carlos Castro, xornalista especializado na materia, considera transcendentais para a normalizaci3n do f3tbol feminino galego no contexto dunha competici3n organizada. A protohistoria, con protagonistas como Irene ou equipos formados en distintos lugares da nosa comunidade nos pasados anos sesenta e setenta; o nacemento en Vigo da primeira competici3n provincial ordenada ("Ondas do mar de Vigo"); a oficializaci3n do f3tbol en Espa3a e a importancia do Karbo e a selecci3n galega ("Desde unha escola"); e a creaci3n da Liga do Condado, unida aos movementos existentes en comarcas como o Saln3s e o Barbanza ("A forza do rural"), son eses tres instantes relevantes, segundo o estudo de Castro, para estruturar unha charla in3dita, en canto ao historicismo, que alicerzan o t3tulo da s3a charla. Como introduci3n proxectarase o audiovisual de 3scar Losada, "Irene, a porteira".

Evento 5

Data: Venres, 25 de xuño, 2021 (20,00 a 22,00)

Lugar: Centro Cultural O Sal3n. Iglesia, 36. 15318 San Tirso, Abegondo (A Coru3a)

T3tulo: Lesi3ns, maternidade e machismo: tres circunstancias do f3tbol feminino

Tipolox3a: Charla-coloquio

Participantes: Andrea Seijo Ares (ex fisioterapeuta do Real Club Deportivo La Coru3a) con "A muller e as lesi3ns no f3tbol", Sara Pita Arcones (xogadora do Betanzos Club de F3tbol) con "A maternidade no f3tbol" e Bibiana Santiso Naveira (ex xogadora do C.D. Mabegondo), que presenta os resultados do "Plan Piloto Elas+F3tbol, en colaboraci3n coa Universidade da Coru3a). Como moderada estivo Roc3o Candal Barbeito (Radio Galega, Televisi3n de Galicia, riazor.org).

Presenza: 35 asistentes (aforo limitado polos protocolos derivados da covid-19).

Duraci3n: 120 minutos.

Obxectivos:

1. Facer chegar 3 xente realidades desco3ecidas do d3a a d3a do f3tbol feminino.
2. Reflexi3n sobre modelos de traballo dese3ados para homes e trasladados 3 muller sen ter en conta a s3a anatom3a.
3. A compresi3n da necesidade de infraestruturas igualitarias entre o f3tbol masculino e feminino para prevenci3n e diagn3sticos.
4. A necesidade de que naza unha literatura cient3fica suficiente para mellorar o traballo da futbolista e a prevenci3n das s3as lesi3ns.
5. Denuncia da discriminaci3n biol3gica e social da muller, cuestionada para ser futbolista logo de ser nai.
6. A compresi3n dun modelo de traballo para a reincorporaci3n ao f3tbol dunha xogadora logo de ser nai.
7. A percepci3n da existencia de violencia encuberta sobre unha nai futbolista.
8. A reflexi3n sobre a situaci3n laboral da muller nos diferentes eidos do f3tbol.
9. A reflexi3n sobre datos que alertan sobre a existencia de machismo no f3tbol.
10. A visibilidade da contraposici3n de valores entre homes e mulleres que traballan na industria do f3tbol.

O derradeiro acto das I Xornadas A terra, o bal3n mais elas comezou coa introduci3n dun dos directores, Orlando Jos3 Iglesias Lendoiro, agradecendo 3 presenza aos asistentes e, particularmente tam3n, a Jos3 Antonio Santiso Miramontes, alcalde de Abegondo, presente no Sal3n. A continuaci3n, convidou 3 palestra a Roc3o Candal Barbeito para que servira de gu3a, presentando en distintas secuencias 3s relatoras e a tem3tica que 3an tratar.

A primeira en discursar foi Andrea Seijo Ares, fisioterapeuta do R.C.D. La Coru3a, quen logo de presentarse, explicou sobre a base de distintos datos, a tipolox3a de traumatismos e a capacidade ou dificultade de prevenci3n dos mesmos, segundo foran produto de situaci3ns de contacto ou sen el. Presentou as d3as vertentes de factores de risco (intr3nsecos e extr3nsecos) antes de chegar a un dos momentos m3is importantes da s3a exposici3n: a lesi3n de ligamento cruzado anterior, al3n de ser a m3is temida no f3tbol, 3 a m3is frecuente entre as xogadoras, cunhas consecuencias que se derivan na orde deportiva, emocional e econ3mica. Seijo alertou do erro en asociar unha lesi3n a un 3nico factor. Igualmente, expuxo a importancia de que cada futbolista, dependendo das s3as caracter3sticas f3sicas, que deben ser individualizadas para un traballo correcto, non sa3a dos valores estandarizados para as mesmas. Saltarse esas medici3ns acrecenta o risco de lesi3ns. A fisioterapeuta denunciou tam3n a escaseza de literatura sobre lesi3ns de mulleres futbolistas e criticou algunha da que hai pola ausencia de rigor. Igualmente, presentou datos que, al3n da curiosidade, son moi interesantes. Un deles foi que a defensa e a dianteira son as posici3ns con menos lesi3ns por contacto, como contrapunto 3 de mediocentros e porter3a. Tam3n alertou da relaci3n directa entre o ciclo menstrual e a fatiga, advertindo, en contra do que alg3ns din, que o ciclo non 3 a 3nica diferenza entre o f3tbol masculino e o feminino. Finalmente, denunciou a escaseza de recursos humanos, de equipos disciplinares, de traballos en campos de herba natural e de estudos que permitan contar con m3is datos e mellorar as metodolox3as, existentes no f3tbol feminino, e a diferenza cuantitativa e cualitativa de todo o citado en relaci3n ao masculino.

Rocío Candal presentou, seguidamente, a Sara Pita Arcones, que nos falou da súa experiencia como nai e as descubertas que foi facendo ao estipular coa súa parella o momento que máis conviña para optimizar a seu período anual de futbolista co nacemento do seu fillo. A futbolista do Betanzos C.F. introduciunos na bioloxía e no organismo da muller, as transformacións que o parto deixa no seu corpo e as carencias de recursos na sanidade pública e nos clubs de fútbol para recompoñer o organismo ao estado anterior ao embarazo. Pita criticou a ausencia de fisioterapeutas especializados nesa recuperación, facendo mención expresa na importancia do solo pélvico e as consecuencias que sobre el ten o proceso biolóxico do embarazo, parto e post-parto. Tamén aludiu ao descubrimento progresivo das consecuencias da maternidade, partido dun factor novidoso de carácter temporal, que alonga a máis de nove meses a parada da futbolista. Na parte final da análise biolóxica incidiu nas dificultades existentes no retorno aos adestramentos. Nunha xanela aberta á súa vivencia persoal, confesou que ás dúas veces que chorou durante o embarazo foron porque quería xogar de novo ao fútbol. Nese percorrido vital, recoñeceu a importancia que tivo que o Victoria C.F. da Coruña lle ofrecera a posibilidade de regresar a este deporte, mito máis porque este club si tiña un especialista en fisioterapia post-parto. A partir de aí, o seu relato camiñou por aspectos sociais de carácter discriminatorio, como se a maternidade levava aparelhada unha perda de competencia e outra de liberdade para tomar decisións propias, debido aos prexuízos existentes na sociedade sobre as obrigacións dunha nai co seu fillo. Por outro lado, comezou un período de perda de autoestima ante a incompreensión do seu adestrador, que chegou a poñela no dilema de que se quería xogar tería que adelgazar e, para iso, deixar de dar de mamar ao seu fillo. Esa situación levouna a deixar o club, baixar da Segunda División española ao penúltimo chanzo do fútbol autonómico e alí, no Torre S.D., recuperar a confianza perdida en si mesma e sentir outra vez as gañas por competir. Na campaña seguinte atopou espazo no Betanzos C.F., co que leva as últimas catro sesións, entendendo que foi unha das mellores decisións da súa vida. Malia todo, afirmou a súa decepción coa sociedade, e co mundo do fútbol en particular. Na exposición lanzou unhas preguntas que obrigan a unha seria reflexión e reformulación do fútbol feminino: Hai persoas capacitadas nos clubs para comprender e adaptarse ás múltiples realidades que diferencian ao futbolista da futbolista, e particularmente, da nai futbolista? Teñen os clubs espazos habilitados para que unha futbolista exerza funcións de nai, por exemplo, dar o peito ao seu fillo? Hai algún tratamento sobre circunstancias específicas da muller, como ser nai, nos temarios que se estudan para obter as diferentes titulacións de adestrador ou adestradora? Na parte final do discurso, reflectiu a contradición entre feminismo e maternidade, introducindo entre eses dous conceptos a situación de violencia invisible que sofren as nais deportistas, ademais da desprotección legal sobre a opción da maternidade, exemplificada no despido dunha xogadora profesional de volei, en Italia, logo de decidir ser nai. Esa violencia invisible existe de homes a mulleres e de mulleres a mulleres, con preguntas que lle son feitas a unha nai futbolista, que nunca llas farían a un pai futbolista ou adestrador.

A última poñente foi Bibiana Santiso Naveira, que logo de ser presentada por Rocío Candal, iniciou a súa intervención con diversas citas. Unha delas, sobre unha afirmación da socióloga Capitolina Díaz Martínez, deulle pé a valorar a importancia da cuantificación dos feitos, a que ten un número para poder traballar sobre o mesmo. Antes de adestrarse no que foron os motivos e o desenvolvemento do seu traballo, Plan Piloto Elas+Fútbol, fixo un repaso sobre algunhas das institucións ás que se achegou para atopar unha base de apoio. A Real Federación Galega de Fútbol mostrou un interese inicial, até acabar recibindo como resposta o silencio administrativo. Contrario foi a acollida que lle deu á iniciativa a Universidade da Coruña. Grazas a ela puido abrir esta xanela a través da que se contemple o contexto da muller na globalidade do fútbol, non só como xogadora, senón tamén como traballadora noutras áreas desta industria. Na exposición presentou unha mostra da enquisa, na cal puidemos ver datos sospeitados, pero revalorizados e obxectivizados a través dunha metodoloxía científica. Só un cinco por cento das mulleres que traballan no fútbol non se senten salarialmente discriminadas en relación aos homes. Curiosamente, ese cinco por cento refírese a mulleres xornalistas e mulleres fotoxornalistas, nun eido profesional precarizado economicamente desde hai anos. O traballo procura información sobre situacións que entran no campo do penal, como a vivencia, directa ou indirecta de situacións de acoso laboral ou doutras formas de machismo no traballo. A fundamentación do traballo ten unha concepción positiva. Alén de evidenciar unha denuncia, proxéctase como un mecanismo de corrección sobre aspectos habituais de discriminación laboral de xénero a través da elocuencia dos datos, e procurar coa mesma unha sociedade mellor e máis xusta. Por outro lado, tratándose dun plan piloto, e tendo a mostra un ámbito inicialmente reducido e concreto, a

autora do traballo alertou que os resultados non poden extrapolarse máis alá da Coruña e da súa contorna, nin neste momento poden elevarse a un nivel de xeralización para Galiza, ou outro territorio, o mesmo que para sinalar que a mostra representa a unha parte salientable das nosas institucións futbolística, nomeadamente, federacións e derivados, territoriais ou estamentais, e clubs.

O remate do acto abriuse ao público cun faladoiro entre as tres relatoras e os asistentes, moderado por Rocío Candal.

MEMORIA ECONÓMICA

Os organizadores decidiron afrontar a primeira edición sen solicitar calquera tipo de axudas, agás as infraestruturais necesarias para este tipo de actividades.

Todas e todos os participantes que figuran referidos nas diferentes actividades aceptaron acudir gratuitamente ás I Xornadas “A terra, o balón mais elas”, entendendo a necesidade da existencia de eventos destas características.

Agradecemos a todos os que se quixeron implicar deste xeito no desenvolvemento das I Xornadas, a súa xenerosidade e o seu altruísmo.

INGRESOS: 0,00 €

GASTOS: 0,00 €

VALORACIÓNS

A percepción tomada do que foron as I Xornadas “A terra, o balón mais elas”, tanto a propia, como grazas á opinión de xente achegada ao deseño e desenvolvemento, como das participantes e asistentes, fixo que cualifiquemos como boa a organización das mesmas. Partindo da idea dunha conferencia, un mes antes do comezo das mesmas, saíu un produto interesante, que tivo acollida nos medios de comunicación e nas redes e, en dous dos actos públicos organizados, unha boa presenza de público, e o habitual, que é sinónimo de escaso, na charla intermedia sobre a historia do fútbol feminino galego e a proxección do audiovisual, “Irene, a porteira”. A capacidade de mobilización tivo que ver co aparecido nos medios, radiofónicos e escritos, así como a difusión nas redes, para a que se creou unha conta de twitter e Instagram @obalonmaiselas, e para personalizar calquera outra comunicación, un correo electrónico, aterraobalonmaiselas@gmail.com. En canto ás dúas presencias das Xornadas na escola, dada a acollida que tiveron as xornalistas Rocío Candal e Sara Gallego e a futbolista Esther Sullastres entre a comunidade escolar, considerámolo como un éxito, non só pola repercusión, senón pola implicación do CEIP facilitando os mecanismos para desenvolver o taller ao completo, e a acollida que tiveron coas tres citadas, particularmente no segundo día, ambientando de deportivismo a charla e o faladoiro coa porteira do conxunto coruñés.

No relativo á programación, a organización puido desenvolver todas as actividades satisfactoriamente no Centro Cultural O Salón, en San Tirso de Mabegondo, grazas á colaboración prestada desde o primeiro momento polo Concello de Abegondo. O derradeiro evento da primeira edición contou coa presenza do alcalde, José Antonio Santiso Miramontes. Desde que se idearon as I Xornadas, dadas as circunstancias máis complexas que rodeaban un dos posibles eventos, a programación ficou aberta até dez días antes do definitivo remate, O motivo foi a inclusión nas Xornadas de Iraia Iturregi, primeira técnica do Athletic C., coa intención de que dera unha charla sobre “O fútbol feminino de canteira en Lezama”. A idea creouse a partir da visita do equipo a Abegondo para disputar o último partido de Liga contra o R.C.D. La Coruña. A charla tería lugar no salón de conferencias do mesmo hotel de hospedaxe do conxunto bilbaíno, O acto entrañaba certas dificultades pola idiosincrasia do fútbol profesional español, fechado a ceder ás protagonistas para actividades deste tipo en vésperas de partidos. A charla, prevista para o 25 ou 26 de xuño, descartouse o 21, unha vez establecida pola RFEF a data oficial do partido (29) e a organización da viaxe polo club biscaíño, que chegaba á Coruña na noite do 28. A organización das Xornadas tiña prevista esta posibilidade, co que foi efectiva e inmediata a súa resposta para adiantar o derradeiro dos eventos nunha semana, e cubrir dese xeito ese espazo.

Alén destes aspectos organizativos, consideramos que as I Xornadas acertaron na escolla dos contidos. Pensamos que foron comprometidos e necesarios para proxectar á muller no contexto do fútbol, darlle un valor que a sociedade aínda non lle reconece, e que na súa globalidade tiveron altos compoñentes informativos, mais tamén formativos. Todas as exposicións e as mensaxes partiron de feitos reais, ben de carácter social, ben particular, mostrados polas súas relatoras e relatores combinando rexistros expositivos científicos e coloquiais, partindo dunha concepción metodolóxica lóxico-dedutiva e cun criterio profundamente analítico e, como consecuencia, construtivo.

Malia a valoración anterior sobre á acollida pública que tiveron as I Xornadas, na que a conclusión maioritaria foi de consideralas como un éxito, houbo un contrapunto colocado por Orlando Iglesias, a quen lle pareceu, cun certo grado de frustración persoal, que esa consideración é excesiva, entendendo que os eventos públicos deberían estar arroupados por unha maior presenza do público, pois só nun dos mesmos superouse a metade do aforo permitido (75 persoas polas medidas protocolarias na loita contra a covid-19). Tamén foi salientable a desconexión entre as Xornadas e o fútbol feminino de proximidade, nomeadamente, X. Crendes C.F. e R.C.D. La Coruña, cuxa presenza nas mesmas foi escasa, nula, por estar ausente en máis da metade dos eventos. No lado oposto, tamén foi para ter en conta a diversidade do público asistente, algúns achegados desde diferentes puntos da provincia e, ao nivel individual, figuras relevantes dentro da fisioterapia galega como Daniel Castro ou, sen a condición de representación oficial, Cristina López, vicereitora de asuntos culturais, igualdade e deportes da Universidade da Coruña.

CONCLUSIÓNS

Logo de valorar as nosas capacidades, o campo de acción para seguir traballando en beneficio da muller dentro do fútbol e as valoracións feitas sobre as I Xornadas A terra, o balón mais elas, concluímos que:

Debemos continuar non só facendo novas edicións nos próximos anos, senón promovendo actividades que aumenten o protagonismo das futbolistas na sociedade, como un propósito máis en relación ás propias Xornadas.

O mellor camiño para isto é que as Xornadas asuman unha personalidade propia, para non necesariamente seren tuteladas polo Crendes de Veteranos C.F. e o C.D. Mabegondo, crear unha asociación sen ánimo de lucro, que nos constitúa como entidade e nos permita dispor dunha autonomía para tomar decisións e recibir axudas para establecer as nosas programacións.

Que o nome da asociación sexa “A terra, o balón mais elas”, e marque inicialmente os seus obxectivos no fútbol, no fútbol sala e no fútbol gaélico femininos.

Para iso teremos que encamiñar os procedementos iniciais para a súa constitución como a elaboración duns Estatutos, a solicitude dun CIF, a creación dunha imaxe corporativa e dun sitio-web.

A Asociación debe establecer vínculos de colaboración coa Real Federación Galega de Fútbol, Xunta de Galicia, Deputacións Provinciais, Universidades, Fundacións e calquera tipo de entidades, públicas ou privadas, para establecer convenios de colaboración para o desenvolvemento das nosas actividades.

Inicialmente, a Asociación estará formada por Bibiana Santiso Naveira, Orlando José Iglesias Lendoiro e Carlos Castro Piñón. Logo da súa constitución poderá incorporar a outras persoas que desexen traballar polos mesmos obxectivos formulados pola Asociación, establecidos como inspiradores da constitución e desenvolvemento das I Xornadas.

Con independencia das súas iniciativas, e provocado polas conclusións tomadas das I Xornadas, observando necesidades existentes na actualidade no fútbol feminino, a Asociación manterá unha caixa de correos aberta para suxestións e para a comunicación de problemas facilitando a resolución de problemas relacionados co fútbol a futbolistas e traballadoras que manteñan vínculos profesionais ou de colaboración co fútbol, fútbol sala e fútbol gaélico, xa sexa na súa vertente feminina como na masculina.

Entre as inexploradas iniciativas que podan desenvolverse están a estimulación de estudos específicos en diferentes eidos (medicina, mecánica, psicoloxía, economía, historia ...), a publicación de traballos en diferentes formatos, ou a promoción de actividades deportivas e extradeportivas relacionadas coa finalidade da Asociación, incluídas aquelas que sirvan para homenaxear e dignificar a persoas ou entidades que traballan a prol do desenvolvemento da muller no fútbol, no fútbol sala e no fútbol gaélico.